

O PORRIÑO

CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO POR CONTA ALLEA “AXUDAS Á CONTRATACIÓN”

PRIMEIRA: OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular a concesión de subvencións para o fomento do emprego por conta allea, a tempo completo ou parcial en calquera das modalidades contractuais vixentes, tanto de duración indefinida como temporal producidas durante o ano 2012.

SEGUNDA: BENEFICIARIOS

1.— Poderán ser beneficiarias todas as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado que houbesen formalizado contratos con traballadores por conta allea.

2.— NON PODERÁN SER BENEFICIARIAS:

- a) Empresas nas que concurran as circunstancias excluíntes sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e, en particular, as seguintes:
 - Ser excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego pola comisión de infraccións tipificadas no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2000, de 4 de agosto.
 - Ter amortizado postos de traballo fixos nos doce últimos meses anteriores ás novas contratacións, mediante despedimentos declarados improcedentes, ou regulacións de emprego.
- b) As Administracións Públicas, as sociedades públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.
- c) As empresas acollidas a plans de reconversión.
- d) As empresas que non se atopen ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, coa Administración Tributaria ou co Concello do Porriño por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, liquidada e esixible por vía de prema.

TERCEIRA: CONTRATACIÓNS. REQUISITOS:

1.— Establécense tres liñas subvencionables:

- Contratación temporal de desempregados por un período mínimo de tres meses.
- Contratación temporal de desempregados por un período mínimo de seis meses.
- Contratación indefinida de desempregados.

2.— As contratacións obxecto de subvención, deberon formalizarse por escrito e comunicarse á oficina do servizo público de emprego na forma regulamentariamente establecida.

3.— A xornada laboral dos contratos non será nunca inferior ao cincuenta por cento da xornada de traballo dun traballador a tempo completo comparable, nos termos previstos no artigo 12 apartado 1 do R.D. Legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

CUARTA.— CONTRATOS. EXCLUSIÓNS:

1.— Os contratos celebrados con persoas incursas nos seguintes supostos:

- O empresario cando se trate de persoa física
- Os socios daquelas entidades sen personalidade xurídica
- Os administradores, apoderados, membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade.

– Os socios de empresas que revistan a forma xurídica de sociedade que posúan polo menos a terceira parte do capital social.

2.–Os celebrados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción, ata o segundo grao inclusive, das persoas incursas nos supostos do número anterior. A anterior exclusión non será aplicable cando se trate dun empresario que contrate indefinidamente o primeiro empregado ou empregada da empresa, sempre que este último non sexa maior de corenta e cinco anos, non conviva no fogar familiar nin esté a cargo do empresario.

3.–As relacións laborais de carácter especial contempladas no artigo 2.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por R.D. Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, ou noutras disposicións legais.

QUINTA.–*PERSOAL DAS EMPRESAS:*

1.–As contratacións obxecto de subvención deberán necesariamente supoñer un incremento neto do persoal da empresa no mes da contratación.

2.–No caso de contratacións indefinidas o cálculo do nivel de persoal determinarase calculando a media aritmética do número de persoas traballadoras fixas nos doce meses inmediatamente anteriores ao da contratación.

3.–A efectos dos puntos anteriores computaránse unicamente as persoas traballadoras, con independencia da súa xornada e que se atopen en alta a data do último día do mes de que se trate.

4.– Para as empresas de recente creación tomaráse como referencia o período que leven exercendo a actividade.

5.–Excluíranse do cómputo do persoal, os contratos extinguidos por cese voluntario do traballador, por razón da súa discapacidade ou incapacidade para o traballo, por razón da súa xubilación por idade, falecemento ou despedimento disciplinario cualificado de procedente.

SEXTA.–*TIPOS E CONTÍA DAS AXUDAS*

	CONTRATO DE 3 MESES	CONTRATO DE 6 MESES	CONTRATO INDEFINIDO
CUANTÍA	400 €	1.000 €	2.000 €
INCREMENTO POR COLECTIVOS			
Risco de Exclusión Social/Dificultades de Inserción Laboral	100 €	200 €	300 €
Ex- autónomos ¹			
Menores de 30			
Mayores de 45			
Parados de Larga Duración			
Mulleres			
Discapacitados			
Vítima de violencia			
Desempregados non perceptores de prestación por desemprego			
TOTAL			

¹ Ex- autónomos: Desempregados procedentes do réxime de autónomos en alta como mínimo durante un ano entre 2010 e 2012.

O incremento da axuda por pertencer a mais dun colectivo non será acumulativo.

SÉTIMA: NORMAS SOBRE A CONTÍA DAS SUBVENCÍONS E CRITERIOS DE VALORACIÓN:

1.—O importe máximo da subvención determinarase para os contratos a tempo parcial en proporción á xornada laboral completa e para os concertados na modalidade de fixos discontinuos en proporción á xornada laboral completa e a duración da actividade.

2.—As solicitudes de axuda deberán acadar un mínimo de 22 puntos para a súa admisión e valoraránse con arranxo ao seguinte baremo:

A.—Duración do contrato:

- 3 meses: 1 punto
- 6 meses: 3 puntos
- Indefinido: 5 puntos

B.—Características das persoas contratadas:

- Menores de 30 anos: 3 puntos
- Maiores de 45 anos: 3 puntos
- Desempregados entre 30-45 anos: 2 puntos
- Parados de longa duración: 3 puntos
- Muller: 3 puntos
- Discapacitados: 3 puntos
- Víctima de violencia: 3 puntos
- Persoa usuaria do Servizo Porremprego: 12 puntos
- Persoa usuaria do Servizo Porremprego con tarxeta activa: 5 puntos
- Desempregados non perceptores de prestacións ou subsidios de desemprego: 3 puntos
- Desempregados que causaron baixa no réxime de traballadores autónomos no prazo dun ano durante o período 2010-2012: 3 puntos

C.—Uso da lingua galega na relación coa administración municipal: 2 puntos.

OITAVA: CRÉDITO ORZAMENTARIO:

O importe total máximo que se destina é de 250.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 241.48901.

As subvencións outorgadas ao abeiro desta convocatoria concederánse en réxime de concurrencia competitiva e limitadas ao devandito orzamento de xeito que si o crédito non permitira a concesión de subvencións polos importes máximos previstos, distribuirase aplicando unha fórmula de prorrateo en función da puntuación obtida según o baremo previsto nas presentes bases.

NOVENA: SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN:

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación esixida según anexo das presentes bases, formularánse no modelo normalizado publicado aos efectos na páxina web da Concellería www.porremprego.org. Así mesmo, atoparánse a disposición dos solicitantes na Concellería de Emprego e Formación.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das presentes bases.

Si a solicitude non estivera debidamente cumprimentada ou non se acompañase da documentación esixida, o órgano instructor requerirá ao interesado para que as emende nun prazo máximo e improrrogable de 10 días e no caso de que non se produza a subsanación, terase por desistido da súa petición, procedéndose ao seu arquivo.

DÉCIMA: LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO:

As solicitudes xunto coa documentación esixida, poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello do Porriño sito na Rúa Antonio Palacios, 1 ou por calquera dos medios regulados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

UNDÉCIMA: INSTRUCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR:

1.— A instrución do expediente de concesión de subvencións correspóndelle a un funcionario do servizo de Intervención e outro de Porremprego, que realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2.— As actividades de instrución comprenderán:

- A petición de cantos informes estime necesarios, que serán emitidos nos prazos regulamentarios para resolver ou sexan esixidos polas normas .que regulen as subvencións.
- A avaliación técnica das solicitudes segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nas presentes bases.
- Una vez avaliadas as solicitudes deberá emitirse o informe no que se concrete o resultado da avaliación técnica realizada.

3.— O órgano instrutor, á vista do expediente e da proposta da Comisión Cualificadora, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse por escrito aos interesados, concedendo un prazo de 10 días para formular alegacións.

4.— Examinadas, no seu caso, as alegacións o órgano instrutor formulará unha proposta de resolución definitiva que deberá reflectir a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala. Asi mesmo o informe deberá contar de xeito expreso e motivado a desestimación das solicitudes.

5.— As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereitos a favor dos beneficiarios propostos mentres non se realice a notificación da resolución definitiva de concesión.

Duodécima: Comisión Cualificadora:

A comisión cualificadora será a encargada de analizar o informe técnico de avaliación do conxunto de solicitudes presentadas e propondrá a concesión ou denegación de axudas económicas.

A Comisión Cualificadora estará composta por:

- O Concelleiro-Delegado de emprego
- O Interventor Municipal
- Os funcionarios membros do órgano instrutor.

Actuará de secretario da Comisión o funcionario do servizo de Intervención, membro do órgano instrutor, con voz pero sen voto.

DECIMO TERCEIRA: RESOLUCIÓN:

A comisión Cualificadora elaborará unha proposta que, logo da emisión do informe da Intervención , será resolta por resolución da alcaldía que se notificará aos interesados. A resolución pon fin á vía administrativa.

O prazo máximo para resolución das solicitudes é de seis meses contados dende a finalización do prazo de presentación . Si transcurrido o prazo non se houbese ditado resolución, o solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude.

DECIMO CUARTA: XUSTIFICACIÓN E PAGO:

O abono da subvención realizarase nun só pago tras a aprobación da subvención, para os solicitantes que presenten a conta xustificativa simultaneamente coa solicitude que acreditará o correcto desenvolvemento da contratación subvencionada. En todo caso estableceráse un prazo máximo de dous meses dende a finalización do período subvencionable para a aportación da documentación esixida.

DECIMO QUINTA: OBRIGAS DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIONS:

1.—Estabilidade do/a traballador/a contratado/a.

1.1. Os beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases deberán manter os contratos subvencionados durante 1 ano, no caso dos contratos indefinidos, e durante 3 ou 6 meses, segundo o caso, para as contratacións temporais.

1.2. Si no devandito prazo tivera lugar a extinción do contrato, os beneficiarios deberán realizar un novo contrato que substitúa ao subvencionado nas mesmas condicións que deron lugar ao outorgamento da subvención no prazo máximo de catro meses.

O novo contrato será obxecto de comunicación expresa ao órgano concedente da subvención, comunicación á que se achegará copia do DNI do novo traballador/a e copia do contrato con selo de Rexistro ou comunicación do mesmo ao Servizo Público de Emprego, sen prexuízo de que poida ser requerida calquera outra documentación acreditativa que se considere oportuna.

1.3. Non será esixible a obriga de substituír cando a extinción se produza por causas de forza maior debidamente apreciadas pola autoridade laboral competente, cando a extinción do contrato esté motivada polas causas contempladas nos artigos 51 e 52 do Estatuto dos Traballadores.

1.4. Non será admisible a substitución cando a extinción do contrato teña lugar por despedimento reconecido como improcedente pola empresa, ou por acta de conciliación ou resolución judicial.

2.—Mantemento do emprego fixo:

Os beneficiarios deben manter o nivel de emprego fixo alcanzado no momento da contratación obxecto de subvención durante:

- Un ano posterior á contratación obxecto de subvención para as contratacións indefinidas.
- Durante o período de tres ou seis meses, segundo a liña subvencionable, no caso das contratacións temporais.

3.—Comunicacións ao traballador/a:

A empresa beneficiaria da subvención estará obrigada a comunicar as características da subvención obtida ao traballador/a por cuia contratación foi considerada beneficiaria.

4.—Comunicacións á Concellería de Emprego:

- A empresa beneficiaria deberá comunicar calquera modificación das circunstancias que determinaron a concesión da subvención en particular o cese da persoa contratada e no seu caso a substitución, no prazo de quince días naturais dende que se produza.
- A empresa beneficiaria deberá comunicar o importe das subvencións ou axudas concedidas con posterioridade para a mesma finalidade por calquera Administración ou ente público.

5.—Inspección e control:

As empresas beneficiarias da subvención deberán:

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano concedente e polos órganos de control interno e externo da actividade económico-financieira da Administración Local.
- Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar toda a información que, en relación coas subvencións concedidas, se practiquen ou requiran polo órgano competente.

6.— Colaboración coa Concellería de Emprego a efectos de seguimento das contratacións:

A efectos estadísticos e de seguimento da evolución do mercado de traballo e de control da subvención concedida, as empresas facilitarán ao Concello, xunto coa solicitude da subvención, unha autorización do traballador para consulta da súa vida laboral unha vez concluído o contrato de traballo.

7.— Publicidade da subvención:

As empresas beneficiarias deberán colocar nun lugar visible un cartel identificativo referente á colaboración da Concellería de Emprego e Formación do Porriño, coa seguinte nomenclatura :

“Empresa colaboradora co Plan Municipal de Emprego do Porriño 2012”

Dito cartel será facilitado pola Concellería.

DECIMO SEXTA: CONCURRENCIA E INCOMPATIBILIDADE DE SUBVENCÍONS:

As subvencións previstas na presente convocatoria serán compatibles con calquera outras para o fomento do emprego, outorgadas por outras administracións públicas, sempre e cando non exista incompatibilidade expresa. Así mesmo, serán compatibles coas desgravacións fiscais ou deducións de cotas á Seguridade Social, establecidas con carácter xeral e como medida de fomento do emprego pola Administración Xeral do Estado.

As subvencións previstas nestas bases non serán acumulables entre sí para o mesmo posto de traballo. En calquera caso, a suma das subvencións recibidas non poderá superar a totalidade do custo salarial total correspondente ao contrato que se subvenciona.

DECIMO SÉTIMA: SEGUIMENTO E CONTROL

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración Xeral do Estado ou da CCAA, o Concello do Porriño a través da Concellería de Emprego levará a cabo a función de control das subvencións concedidas así como a avaliación e seguimento dos programas. Para realizar ditas funcións poderánse utilizar cantos medios estén a disposición da Concellería, para comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos nestas bases e demais normativa de aplicación.

DECIMO OITAVA.:—REINTEGRO DE SUBVENCÍONS:

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade ou ausencia e xustificación das mesmas nos termos contemplados nas presentes Bases, o Concello esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

DECIMO NOVENA: PROCEDIMENTO SANCIONADOR

O procedemento sancionador será o disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

VIXÉSIMA.—RECURSOS

Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 116.1 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos art. 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 3 de xuño da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo de un mes segundo establece o art. 117.2 da citada Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no art. 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, poidendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de conformidade co establecido no art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calqueira outro recurso que os interesados estimen procedentes axustados a dereito.

VIXÉSIMO PRIMEIRA:

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O. da Provincia.

A N E X O I

Documentación a presentar polos interesados e conta xustificativa simultánea:

- Modelo normalizado de solicitude. Presentaríanse tantas solicitudes como contratos para os que se solicita a subvención.
- Copia do CIF da empresa ou do NIF/NIE do empresario individual
- Copia do poder polo que actúa o representante da empresa e copia do DNI/NIE
- Copia do documento de constitución da empresa solicitante, estatutos e as súas modificacións si as houberse. En caso de asociacións, estatutos.
- Certificados de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Economía e Facenda da Xunta .de Galicia) e fronte á Seguridade Social.
- Informe da vida laboral da empresa expedido pola TGSS de todos os códigos de conta de cotización existentes na provincia referente aos 12 meses anteriores á contratación e actualizado ao último día do mes da contratación. Si a empresa leva funcionando menos de 12 meses, debe aportar informe correspondente ao seu efectivo período de funcionamento. No caso de non ter finalizado dito período no momento da presentación da solicitude, existirá un prazo de dous meses dende a súa finalización para aportar dita documentación.
- Copia TC2 de todos os códigos de conta de cotización existentes na provincia, referidos ao mes de contratación e os 12 meses precedentes.
- Certificado do nº de conta bancaria da entidade solicitante.

Conta xustificativa simultánea:

- Copia do DNI/NIE do traballador
- Modelo de autorización asinado polo traballador para a solicitude de vida laboral ante a aTXSS.
- Copia do contrato de traballo co selo do Servizo Público de Emprego ou da comunicación á oficina do Servizo Público de Emprego correspondente á contratación.
- Documentación acreditativa das circunstancias relativas ao incremento por colectivos indicado nas bases.
- Copia das nóminas do traballador contratado.
- Declaración doutras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade.

ANEXO II

Solicitude de Axuda Municipal a Contratación

PERSOA FÍSICA (Cubrir só no caso de que o solicitante sexa empresario individual, comuneiro de Comunidade de Bens, ou socio dunha Sociedade Civil)									
NIF/NIE				NOME					
1º APELIDO				2º APELIDO					
E-MAIL				Nº SS					
TELÉFONO				MÓVIL			FAX		
PERSOA XURÍDICA (Cubrir só no caso de que o solicitante sexa Sociedade Mercantil ou outra con persoalidade xurídica propia)									
CIF				RAZÓN SOCIAL ¹					
E-MAIL				Nº SS					
TELÉFONO				MÓVIL			FAX		
¹ Denominación exacta consignada nos Estatutos ou na Escritura de Constitución									
REPRESENTANTE LEGAL (A cumplimentar cando a solicitude sexa formulada por unha persoa xurídica)									
NIF/NIE				NOME					
1º APELIDO				2º APELIDO					
E-MAIL									
TELÉFONO				MÓVIL			FAX		
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS									
TIPO DE VÍA				ENDEREZO					
Nº	BLOQUE			ESCALEIRA	PISO	PORTA	CP		
PROVINCIA				MUNICIPIO					
OBJECTO DA SOLICITUDE					DATA DE INICIO DO CONTRATO				
<input type="checkbox"/> Líña I - Contratación Temporal 3 meses <input type="checkbox"/> Líña II - Contratación Temporal 6 meses <input type="checkbox"/> Líña III - Contratación Indefinida					DATA DE FIN DO CONTRATO				
COLECTIVO									
<input type="checkbox"/>	Risco de Exclusión/Dificultades de inserción								
<input type="checkbox"/>	Ex-autónomos								
<input type="checkbox"/>	Menores de 30 anos								
<input type="checkbox"/>	Maiores de 45 anos								
<input type="checkbox"/>	Parados de longa duración								
<input type="checkbox"/>	Mulleres								
<input type="checkbox"/>	Discapacitados								
<input type="checkbox"/>	Vítima de violencia								
<input type="checkbox"/>	Desempregados non perceptores de prestacións								
CRITERIOS DE VALORACIÓN									
DURACIÓN DO CONTRATO									
3 Meses									
6 Meses									
Indefinido									



CARACTERÍSTICAS DA PERSOA CONTRATADA				
Menores de 30				
Maiores de 45				
Desempregados entre 30 e 45				
Parados de Longa Duración				
Muller				
Discapacitados				
Vítima de violencia				
Persoa usuaria do Servizo Porremprego				
Persoa usuaria do Servizo Porremprego coa Tarxeta Activa				
Desempregados non perceptores de prestacións				
Ex-Autónomos				
UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NA RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL				
DATOS DO TRABALLADOR				
NIF/NIE		NOME		
1º APELIDO		2º APELIDO		
E-MAIL		Nº SS		
TELÉFONO		MÓVIL	FAX	
Asdo.:				
O Porriño, a ___ de _____ de 2013				
<p>En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informase que os datos facilitados, así como os que sexan requeridos posteriormente para completar o expediente, serán incorporados a un ficheiro cuxa titularidade corresponde ó Concello do Porriño, sendo a súa finalidade a tramitación das Axudas Municipais a Creación de empresas.</p> <p>A presentación da solicitude implica a aceptación da cesión dos datos contidos na mesma, así como, de ser o caso, os relativos a concesión da axuda, , o Concello do Porriño e demais organismos públicos, con fins estadísticos, de avaliación e seguemento, así como para a comunicación cos solicitantes respecto aos diferentes programas levados a cabo polo Concello.</p> <p>O dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei, poderanse exercer mediante carta ou fax dirixidos ó responsable dos mesmos no seguinte enderezo: Concellaría de Emprego, Multicentro, rúa Ribeira s/n – Torneiros 36410, O Porriño. Fax 986 338 900.</p>				

**AUTORIZACIÓN Ó CONCELLO DO PORRIÑO PARA A SOLICITUDE A TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, DE INFORME DE VIDA LABORAL**

D. _____, coi DNI _____
e el derezo _____
Localidade _____ Provincia _____

AUTORIZA ó Concello do Porriño para que solicite, á Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social de Pontevedra, a expedición do informe de permanencia á Seguridade Social e o que cos te toda a vida laboral de que suscribe a fin de que posteriormente se sexa incorporada a solicitude de Axudas Municipais a Coi tratación do Concello do Porriño.

O Porriño, ____ de _____ de 2013

Asdo.: _____

No Porriño a 6 de marzo de 2013.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2013002360

A N U N C I O

Polo Sr. Alcalde do Concello do Porriño con data 05-03-2013 ditouse o Decreto que é do teor literal seguinte:

“DECRETO.—Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade co establecido na base 7ª das Bases e convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº. 231 de data 01-12-2011 e Diario Oficial de Galicia nº. 73 de data 17-04-2012, para cubrir catro (4) prazas da categoría de policía, integradas no grupo “C”, subgrupo C1, da escala básica de administración especial, subescala de servizos especiais, do Corpo da Policía Local do Concello do Porriño, tres (3) polo sistema de oposición libre, esta Alcaldía de conformidade coas citadas bases e no exercicio das súas atribucións,

R E S O L V E :

PRIMEIRO.— Aprobar a seguinte lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as á citada oposición libre, para cubrir tres (3) prazas da categoría de policía, integradas no grupo “C”, subgrupo C1, da escala básica de administración especial, subescala de servizos especiais, do Corpo da Policía Local do Concello do Porriño, co seguinte detalle: